


Problema 425: Na fermentación alcohólica da glicosa obtense alcol etílico e dióxido de carbono, segundo a reacción:



Calcula a calor de reacción sabendo que $\Delta H_{\text{combustión}}(\text{glicosa}) = -2813 \text{ kJ/mol}$ e $\Delta H_{\text{combustión}}(\text{etanol}) = -1366 \text{ kJ/mol}$.

Cando nos piden a calor dunha reacción e dannos a calor doutras reaccións podemos resolvelo pola Lei de Hess. Dámoslle un nome a cada ecuación e modificámolas para que sumadas dean a ecuación problema, o que facemos coas ecuacións facémolo coas calores e sumamos. Para saber como hai que modificar cada reacción fixémonos nos compostos que só aparecen nesa ecuación e na ecuación problema.

